

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006742	IES Concepción Arenal	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	1º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

1. Introducción

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e transmisión de ideas e sentimentos, non cabe dúbida de que, na época na que estamos inmersos, a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual integra todas as dimensións da imaxe (plástica, fotográfica, cinematográfica e mediática), así como a súa forma, que varía segundo os materiais, as ferramentas e os formatos utilizados. A imaxe, que pode ser bidimensional ou tridimensional, figurativa ou abstracta, fixa ou en movemento, concreta ou virtual, duradeira ou efémera, amósase a partir das diferentes técnicas que foron ampliando os rexistros da creación. A chegada dos medios tecnolóxicos contribuíu a enriquecer a disciplina, diversificando as imaxes e democratizando a práctica artística, así como a recepción cultural, pero tamén aumentou as posibilidades da súa manipulación. Por este motivo, resulta indispensable que o alumnado adquira os coñecementos, as destrezas e as actitudes que cómpren para analizar as imaxes criticamente, tendo en conta os medios de produción e o tratamento que se fai delas, co fin de cimentar un definido espírito crítico fronte ás diversas manifestacións estéticas.

A materia parte dos bloques impartidos na Educación Primaria na área de Educación Artística. A parte destinada á educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia na Educación Secundaria baixo as denominacións de educación audiovisual, debuxo técnico e expresión artística.

O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas, ademais dos factores e das etapas do proceso creativo. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se convirten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		3
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Temporalidade da arte	Xéneros artísticos e estilos artísticos en cada época histórica. Fitos e	7	7	X		X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Temporalidade da arte	acontecementos importantes relacionados coa aparición e cambios dos diferentes estilos. Manifestacións máis relevantes de cada estilo e xénero. Teorema de Thales.	7	7	X		X
2	Linguaxe visual	Elementos da linguaxe visual (punto, liña e plano; forma, cor e textura) e a súa sintaxe. Análise de grandes obras.	11	7	X	X	X
3	Expresión gráfico-plástica	Uso e características das técnicas planas, secas e húmidas e a súa utilidade na expresividade artística.	7	5	X	X	X
4	Xeometría na arte	Introdución aos trazados xeométricos básicos: ángulos, triángulos, polígonos regulares e irregulares, proporcionalidade, construción dun polígono nun número calquera de partes iguais, elementos notables... e a súa aplicación a grandes obras.	18	10	X	X	
5	O volume	Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. Gradientes.	12	8		X	
6	Os sistemas de representación. Vistas diédricas.	Introducción ós sistemas de representación: sistema diédrico. Nocións básicas da súa metodoloxía.	10	8		X	
7	A linguaxe visual e as súas funcións e tipoloxías.	Función informativa, comunicativa, expresiva e estética. A imaxe fixa, secuenciada e en movemento. Formatos analóxicos e dixitais das imaxes.	15	7		X	X
8	A fotografía	Imaxe secuencial: posibilidades expresivas da fotografía. Orixe, inicios evolución e características.	10	9			X
9	O cómic e o cine	Imaxen fixa: a linguaxe do cómic. Orixe, evolución e exemplos significativos do cine.	10	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Temporalidade da arte	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean al producións gráfico-plásticas máis relevantes.	TI	100
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Análise guiada da obra de arte.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos máis destacados. - Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico.

UD	Título da UD	Duración
2	Linguaxe visual	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Entender a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Análise dos aspectos formais e factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas.	PE	60
CA1.5 - Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas., incluídas as propias e as dos seus iguais.		
CA1.3 - Describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analizalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero.	Describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas.	TI	40
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxe plástica e audiovisual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico. - A linguaxe visual como forma de comunicación. - Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas.

Contidos
- Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas.

UD	Título da UD	Duración
3	Expresión gráfico-plástica	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa.	PE	30
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas.	TI	70
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	Realizar diferentes producións artísticas individuais.		
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa.		
CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas.
- Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas.
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
4	Xeometría na arte	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais.	PE	20
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas.	TI	80
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.

UD	Título da UD	Duración
5	O volume	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
6	Os sistemas de representación. Vistas diédricas.	8

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.

UD	Título da UD	Duración
7	A linguaxe visual e as súas funcións e tipoloxías.	7

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Recoñecer a función e finalidade das producións visuais máis relevantes.	PE	50
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.

UD	Título da UD	Duración
8	A fotografía	9

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	PE	40
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais.	TI	60
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Utilizar referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións. - Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

UD	Título da UD	Duración
9	O cómic e o cine	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolver producións e manifestacións visuais.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para favorecer a aprendizaxe por competencias, utilizarase unha metodoloxía baseada nas mesas e tamén na pedagogía "Design Thinking":

- Traballo en equipo, é dicir cooperativo, todas as actividades en todas as etapas educativas están baseadas na aprendizaxe cooperativa.
- Traballo colaborativo, xa que implica certa parte de traballo individual, e tamén cohesión grupal e de relacións sociais no grupo.
- Aprendizaxe socio-afectivo, é dicir, que parte da base de que somos seres sociais e grupais, polo tanto debemos aprender a convivir co resto, e por elo a coñecernos a nivel individual cos nosos potenciais e as nosas limitacións.
- Aprender facendo, ou *¿learning by doing¿* que fai referencia a unha metodoloxía de autoconecemento e

desenvolvemento de carácter individual.

Para favorecer o desenvolvemento das unidades:

- Coñecer, antes de comezar, as ideas previas, as dificultades de aprendizaxe do alumnado e os recursos dispoñibles.
- Introducir de xeito xeral ao alumnado na unidade, anticipando as tarefas previstas e os materiais necesarios para o desenvolvemento desta.

Realizar exposicións (tanto por parte do profesor coma dos alumnos) utilizando diferentes soportes e incidindo no uso da imaxe e na expresión multimedia (oral, visual e outras).

- Fomentar a realización de esquemas ou mapas visuais do que se coñece e do que se quere coñecer, así como dos procesos de traballo tanto individuais como por medio de dinámicas grupais.
- Traballos do alumnado.
- Reflexión e análise crítico dos traballos do alumnado por parte da profesora ou profesor coa participación do grupo.
- Utilizar os recursos dixitais da aula (ordenador con conexión a internet e proxector) para reforzar e ampliar os contidos, así como enriquecer e chamar a atención do alumnado sobre diversas manifestacións gráfico-plásticas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Escuadra e cartabón a xogo de tamaño mediano
Regra graduada
Caderno de debuxo A4 (en branco, sen requisito de papel específico)
Compás
Transportador de ángulos

Carécese no horario da asignatura de aula específica de Plástica polo que as sesións impartiranse na propia aula de grupo. A aula de grupo conta con ordenador para o profesor e proxector con acceso a Internet. Non hai pilas de auga nin lugar de almacenaxe propio para material gráfico-plástico, polo que utilizaranse as paredes da aula para mostrar os traballos realizados polo alumnado e o propio alumnado almacenará os materiais e útiles necesarios para o desenvolvemento dos contidos da materia.

Os materiais enumerados na listaxe anterior, serán os necesarios para poder realizar os exercicios propostos nas actividades da aula e, de non traelos, a alumna ou alumno non poderá resolver as cuestións que se plantexan. Non será necesario comezar o curso con todo o material adquirido, senón que a profesora ou profesor indicará o material necesario en cada momento. No caso de que algunha familia teña problemas para conseguilos, o Departamento de Artes comprométese a escoitar a problemática e a propor unha solución ó respecto.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O propósito da avaliación inicial é reunir información relevante sobre os niveis xerais do grupo e de cada alumnado individualmente para contextualizar e axustar o procedemento de ensinanza-aprendizaxe.

Este recollida de información farase de distintas maneiras:

- investigación de carácter social, familiar e obxectivos académicos, mediante a resposta a un cuestionario ou ficha inicial de alumnado.
- deseño dunha proba escrita inicial con contidos relacionados coa asignatura e coas unidades didácticas propostas.
- reunión inicial co resto de profesorado do grupo.

No caso de que fose necesario, reaxutarábase esta programación colectiva ou individualmente.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	7	11	7	18	12	10	15	10	10	100
Proba escrita	0	60	30	20	0	100	50	40	0	34
Táboa de indicadores	100	40	70	80	100	0	50	60	100	66

Criterios de cualificación:

A avaliación das distintas unidades didácticas da materia establécense do seguinte xeito:

- Os traballos prácticos (láminas, cartafol de tarefas, bosquejos, proxectos, etc.), avaliaranse coa media aritmética (ponderada pola súa extensión e/ou dificultade se fora o caso) de todos os exercicios encargados pola profesora ou profesor, tanto os feitos de xeito individual coma os feitos en grupos de traballo.

Estes exercicios prácticos, que integrarán contidos conceptuais e competenciais, deberán de entregarse nas datas fixadas, a demora na entrega poderá supoñer unha rebaixa na cualificación a criterio do profesor de ata 5 puntos sobre 10; en

retrasos non xustificados, e puntuaranse mediante rúbricas ou indicadores de logro.

En cada avaliación realizaranse al menos unha proba escrita teórico-práctica con actividades e cuestións tratadas na aula.

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc. xa que iso terá sido en conta na avaliación.

A participación e colaboración, o compromiso coa propia formación, a disposición ao esforzo, o coidado do material, a limpeza, etc., avaliaranse mediante a observación directa do alumnado individualmente.

A nota final de cada avaliación conformarase cos resultados das valoracións antes descritas e coa ponderación seguinte:

- 70% traballos e cuaderno do alumnado
- 30% proba escrita

CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final consistirá nunha media ponderada do seguinte xeito:

- 35% primeira avaliación
- 35% segunda avaliación
- 30% terceira avaliación

Criterios de recuperación:

RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:

O ideal para que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto son detectadas é que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración dos traballos.

Darase a posibilidade de reentregar os traballos propostos e relízase unha proba de recuperación teórico-práctica da ou das probas escritas realizadas en cada avaliación.

O peso porcentual de cada apartado dividirase neste caso da seguinte maneira:

- 30% proba escrita
- 70% traballos e caderno do alumnado.

RECUPERACIÓN FINAL:

O alumnado que non supere a materia unha vez avaliados os tres períodos citados, poderase presentar a unha avaliación final que consistirá na realización dunha proba teórico-práctica con contidos de toda a materia.

A puntuación obtida nesa proba teórico-práctica será a nota de recuperación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

SEGUIMIENTO PERIÓDICO:

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que o alumnado terá acceso, preferiblemente, a través da aula virtual do centro. Tendo en conta as necesidades do alumnado, os materiais dixitais poden ser complementados cun caderno de actividades en formato físico.

O profesorado poderá realizar un seguimento continuo do plan e do alumnado a través da aula virtual e mediante reunións presenciais.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través de entregas de traballos que serán recollidos de xeito físico ou a través da aula virtual. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media das 3 entregas ou avaliacións, segundo un peso en evolución crecente, que permitirá ao alumnado unha progresividade na adquisición das competencias requiridas para superar a materia:

- 1ª entrega: 30%
- 2ª entrega: 30%
- 3ª entrega: 40%

PROBA FINAL:

De non superar a materia a través das entregas periódicas, o alumnado poderá presentarse a unha proba final, que consistirá nunha proba teórico-práctica.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender a diversidade plantexada nos niveis de educación secundaria obrigatoria, especificaremos como grupo diferenciando aqueles que atendan ós seguintes criterios de agrupamento:

- a) Non acadar o nivel de coñecemento.
- b) Non ter interese e motivación.
- c) Non seguir o ritmo de traballo.

Unha vez detectada na avaliación inicial os agrupamentos flexibles correspondentes, as estratexias didácticas que rexerán a atención da diversidade serán:

- 1) Algúns contidos da programación terán carácter cíclico (entendendo por cíclico que os contidos básicos estudados nos primeiros niveis serán revisados e ampliados nos cursos superiores).
- 2) Reforzo explicativo na clase.
- 3) Reforzo mediante exercicios que se adecúen ó nivel do grupo e/ou alumno/a
- 4) Atención fora da hora lectiva ordinaria.(según dispoñibilidade horaria). Para aqueles alumnos con dificultades (psíquica ou motora) articularanse as medidas pertinentes para cada caso, tendo sempre en conta o apoio dos/s especialistas do Departamento de Orientación.

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:

Supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado:

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de

actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.

- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X			X		X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X		X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	X
ET.10 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X
ET.11 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X

Observacións:

Segundo se recolle no DECRETO que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos importantes para a materia e a formación do noso alumnado.

Teranse en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a espazos expositivos da contorna	Visitas guiadas a exposición en museos, galerías, salas de exposicións, etc. con eventos temporais e permanentes.	X	X	X
Charlas informativas relacionadas con distintos intereses para o noso alumnado	Charlas impartidas por todo tipo de profesionais relacionadas coa materia.	X	X	X
Participación en distintos concursos vinculados á nosa materia	Concursos dentro e fóra do centro que lles axudan a aprender a presentar un proxecto e os animan a polos en práctica eles mesmos no futuro.	X	X	X

Observacións:

Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Neste caso óptase pola visita guiada ó Centro Torrente Ballester, no momento en que haxa exposicións e/ou actividades relacionadas con contidos da aula. Hai eventos que son ofertados durante o curso, polo que iranse propoñendó ó longo deste.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Consulta a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome a este.
Metodoloxía empregada
Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
O alumnado traballa individualmente, por parellas e en grupos reducidos.
Utilizo diferentes tipos de probas: exames escritos / traballo individual / traballo en equipo.
Medidas de atención á diversidade
Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Dou a coñecer ao alumnado e á súa familia os elementos básicos da programación.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual.

Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino realizarase ao rematar unha ou dúas unidades didácticas, para identificar as carencias do alumnado e en cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poderán

consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables
- diario de aula
- estatísticas de resultados
- cuestionarios e enquisas ao alumnado

9. Outros apartados